

ACTUALIDADE DO PENSAMENTO LINGUISTICO DE CASTELAO

MARIA PILAR GARCIA NEGRO
INB. Coruña

Castelao non foi filólogo, nen lingüista nen viveu, é óbvio, de nengunha actividade profesional relacionada co galego. Mais é o certo que, dentro da doutrina ideolóxico-política por el establecida, encontramos-nos cun corpo de análise lingüística, proxectada sobre o galego e en galego que, lonxe de ser samente un precioso documento histórico, é aínda válida nos seus aspectos cardinais -como queremos demostrar- non só polo acertado do seu diagnóstico senón porque, cincuenta ou cuarenta anos despois de emitido, seguen tendo vixéncia as súas denúncias, calidade as súas aclaracións e, portanto, plena actualidade as súas definicións. Nunha palabra, non está superado, por moito que mudasen determinadas variantes do conflito lingüístico, tais como a perda cuantitativa de galego-falantes espontáneos, o reforzo dos mecanismos de asimilación ao español, a reintegración no galego de español-falantes por via consciente de recuperación ou unha cobertura legal que máis que protexer, cobre (no sentido físico), tapa, impedindo-o, o desenvolvemento do galego.

Antes de pasar a establecer os eixos fundamentais do pensamento lingüístico de Castelao, permitan-se-nos dúas observacións de método: 1ª) non nos referiremos a nengunha cuestión relativa á elaboración da lingua literária, senón á reflexión de Castelao sobre a propia institución lingüística; 2ª) prescindiremos daquelas cuestións de tipo terminolóxico e tamén daquelas máis directamente vinculadas á investigación filolóxica, secundarias nos propósitos desta comunicación.

As que poden definir-se como coordenadas básicas da análise lingüística do noso autor son, ao noso xuício, as seguintes:

0. Como punto de partida Castelao une, en limpísima coeréncia, teoría e práctica lingüística. Sente-se investigador e parte interesada a un tempo e sabe, portanto, que da constatación da opresión non pode desprender-se máis postura xusta que a apoloxía do oprimido e a loita por anular aquela. Froito desta conciencia será a condición monolingüe, en galego naturalmente, de toda a súa obra literario-ensaística, imprimindo-lle así a toda ela un carácter de normalidade consciente e integrada na promoción real da cultural nacional. Tal consecución suporá un salto cualitativo de vital importancia na historia dun país cun idioma submetido a uso diglósico e que no pasado inmediato a Castelao tiña conquistado o campo da poesía e en moita menor medida o da prosa e o teatro. Castelao é o exemplo máis acabado daquela pretensión anunciada no número 2 de *A Nosa Terra*: "Este

boletín chegará a poñer o galego ao día", nos momentos en que este xornal é recuperado precisamente como "Idearium das Irmandades da Fala", en 1916. Hai, pois, en Castelao, superación clara de calquer defensa do idioma ancorada no reduto sentimental (non utiliza nen unha soia vez o adxectivo "entrañábel" nen "vernáculo") ou na súa exaltación retórica feita en idioma alleo. En suma, Castelao sabe que non hai mellor apoloxía patriótica en materia lingüística que aquela que vai unida á *práctica* única do instrumento defendido, e está dotado, de por parte, da honestidade intelectual necesaria como para poder avalar a súa defensa do galego co incremento efectivo de usos do mesmo, nomeadamente naqueles ámbitos ocupados pola lingua dominante. Honestidade, por certo, que se bota en falta nalguns impúdicos intelectuais galegos de hoxe, que se permiten opinar, criticar e aínda descalificar o uso de galego... en español ou que manteñen unha beatífica pasividade contemplativa ante os perigos certos en que vive (lea-se, a este respecto, o capítulo VIII do "Libro Terceiro" do *Sempre en Galiza*).

Alén da práctica monolingüe na súa obra literaria, é preciso rexistar tamén o tratamento artístico do tema lingüístico, ben en forma de caricatura dos comportamentos colonizados en calquer das súas versións, ben utilizando o español como marca de alienación e discriminación ou ironizando sobre o paifoquismo da lingua universal. Un seguimento exhaustivo desta recorréncia na arte de Castelao demostraría a importancia central que chega a acadar na súa produción. En frase súa, "debuxei sempre en galego, escribin sempre en galego, e se tirades o que hai de galego e de humano na miña obra, non ficaría nada dela".

I. *A definición da lingua como primeira e principal institución social.* Castelao formula implicitamente ou intuitivamente o principio saussureano de que toda lingua precisa unha masa social parlante homoxénea para existir como tal e manter a súa sistematicidade precisamente pola súa necesidade: "Non sabemos se a língoa é un eco dos sentimentos intransferibles d-un povo ou se na fala se modelan os pensamentos e o ser moral da nación. Sabemos, eso sí, que de todol-os vencellos sociaes d-unha nación, a fala é o primordial i esencial, porque aglutina e caracteriza ôs elementos do grupo e mantén a potencialidade do feito nacional" (1). Coa mesma claridade denuncia tamén a suposta "naturalidade" da depresión dunha língoa: "O apagamento d-unha língoa corresponde â dexeneración do povo que a fala e â rendición da súa nacionalidade, pois desprezar a língoa materna é renunciar a sacratísimos dereitos, que sóio se declinan cando a diñidade está anestesiada" (2). Por esta razón, non dubida en calificar de "actos bárbaros" os atentados á vida dos idiomas, como obra de arte que son mil veces superior a calquer obra de arte, precisamente porque son "matriz inagotable de obras de arte" (cfr. a definición de lingua de P. Valesio

(1) Castelao, A.D. Rodríguez, *Sempre en Galiza*, Akal Editor, 1977, Madrid, 2ª ed., pp. 285-286.

(2) Castelao, *op. cit.*, p. 286.

como "estrutura cultural que lles é precisa a todas as demais estruturas da cultura, sen que aconteza á inversa" (3).

II. *O idioma, componente básico da nación.* Na caracterización da Galiza como nación, Castelao coloca en primeiro lugar a interrogante: "¿Ten Galiza un idioma propio?". A resposta afirmativa a esta pregunta fica claramente concretada na definición da Galiza como "nación asoballada" e, portanto, con "dereito a reclamar garantías para o desenrolo normal da súa vida". Castelao foxe de todo plantexamento culturalista que defenda o galego pola súa brillante xenealoxia, porque o principal mérito do galego é xustamente "ser a fala do pobo traballador", atributo que abonda para estar dignificado de seu, "pois o galego é unha executória viva do traballo e unha cédula honrosa de cidadanía e democracia". Do que se desprende que nesta nación non hai acto máis democrático que a práctica do idioma propio. Nesta liña, Castelao define como suxeito falante do galego o propio pobo galego, definición *ausente* en todas as lexislacións galegas ou españolas de hoxe, que o seguen considerando como propiedade, facultade ou "problema" de uns cantos individuos aos que compre "regular". Definición colectiva que, alén de ser a única correcta lingüísticamente, encaixa na súa esixencia de liberdade para os pobos submetidos ("nós queremos que os pobos sexan tan suxeitos do dereito político como son os homes"), única garantía da liberdade individual, facendo así a crítica lúcida do "falso liberalismo español, que desprecia a existencia dos pobos (...), como se o home pudesese ser libre cando o eu pobo non goza de liberdade".

III. *O problema lingüístico non é problema lingüístico. O diagnóstico certo da opresión do galego.* É exemplar nesta clarificación a análise de Castelao cando 1º situa a orixe da depresión do galego, da súa inferioridade, en instancias extra-lingüísticas (de natureza económica e política) que historicamente determinaron a súa subordinación; 2º aclara como aquelas son precisamente *causa* de toda a secuela de *efeitos* que *internamente* tipifican o conflito lingüístico galego. Nunha palabra: é imposible comprender este exclusivamente desde dentro, intrinsecamente, sen atender a todas as causas esóxenas (esóxenas ao país e esóxenas á lingua) que o provocaron. Existe un *dominio* sobre o galego que produciu o seu retroceso. Non se trata, xa que logo, como aínda hoxe se le con frecuencia en libros de texto e noutros lugares moito máis flamantes, un problema de inferioridade "natural" ou de incapacidade do galego (isto é, dos seus falantes) para subiren no momento oportuno ao tren do "progreso", a nova tecnoloxía e a "modernidade". A súa increpación aos imperialistas ten, portanto, perfecto sentido:

"Prohibíchedes o galego nas escolas para producir no espírito dos nosos rapaces un complexo de inferioridade, facéndolles creer que falar galego era falar mal e que falar castelán era falar ben. Espulsáchedes o galego das eirexas, facendo que os representantes de Cristo explicaran o Evaneo no idioma oficial, que o pobo non falaba nin comprendía ben. Refugáchedes o galego

(3) Rodríguez, F., *Conflicto lingüístico e ideoloxía en Galicia*, ed. Xistral, Santiago, 1976, p. 14.

ante os Tribunais de xusticia e chegáchedes a castelanizar bárbaramente as toponimias galegas. ¿E de que vós valeu? Porque dispóis de máis de catro séculos de política asimilista, exercida con toda riqueza de astucias e violencias, o noso idioma está vivo. Sodes, pois, uns imperialistas fracasados" (4).

Na mesma liña, situa tamén a agonia literaria do galego, vinculando a literatura -cousa que tamén hoxe se esquece adoito- coa historia e o contexto social en que se produce: "Atribuímoslle á imposición oficial e cultural do castelán o silencio literario de Galiza; non como acto de resistencia pasiva senón como efecto natural do bilingüismo, por falar na lingua que non se escribía i escribir na lingua que non se falaba" (5), imposición que explica que a literatura galega percorra un ciclo inteiro e desapareza no século XV. Por iso, encarece, "a violencia asimilista do idioma do Estado foi un crime de lesa cultura" (6).

IV. *A denuncia do bilingüismo.* Castelao non limita á literatura o efecto depredador do español. Pedagoxicamente, a "bondade" do bilingüismo revela-se en toda a súa brutal realidade, que dá como resultado que o neno non sexa dono de nengunha lingua e que o fai, nas súas palabras, inferior a un analfabeto intelixente. Todo isto acontece porque "un povo sometido á loita de dous idiomas acaba por non saber espresar o que sente" (7), caracterizando exactamente os degraus dos efectos da asimilación: inibición, esmorecemento, impotencia. Bilingüismo que, lonxe de supor "riqueza cultural", "equilibrada convivencia" ou "democrática" resolución do problema lingüístico -como hoxe é corrente ouvir ou ler- é factor "dunha meirande perturbación". Así o caracteriza Castelao psicolxicamente (cun retrato hoxe aplicábel a tantos): "As verbas casteláns, en boca de galegos, son cáseque sempre verbas envilecidas, incapaces de resoaren na concencia dos auténticos galegos; pero tamén hai concencias envilecidas por complexos de inferioridade, sóio capaces de admiración ante "poses" decorativas e lingoaxes de teatro. É xa hora de decidir que Galiza será forte en Hespaña cando se negue a falar castelán e fale fortemente a súa lingua" (8). O camiño non podía ficar máis explicitamente trazado.

Tamén o noso autor, "para que non se alarmen certos internacionalistas de dublé", proclama a premisa básica de todo internacionalismo verdadeiro, en materia de relación política e de intercambio lingüístico: "Pol-o camiño da variedade pode chegarse ao internacionalismo d-un idioma, antes e mellor que pol-a competencia d-unhas poucas linguas que aspiren á hexemonía cultural do mundo" (9). Tal uso pleno da propia lingua non sería en ningún caso obstáculo para a aprendizaxe dunha segunda lingua, unha lingua internacional, "deprendida obrigatoriamente en total-as escolas, por acordo antre todol-os países; pero

(4) Castelao, *op. cit.*, p. 42.

(5) Castelao, *op. cit.*, p. 104.

(6) Castelao, *op. cit.*, p. 103.

(7) Castelao, *op. cit.*, p. 104.

(8) Castelao, *op. cit.*, p. 286.

(9) Castelao, *op. cit.*, p. 111.

-enténdase ben- sería unha língoa ausiliar, deprendida como asignatura" (10). Coñecimento, pois, dunha língoa de uso adicional, nunca substitutivo, e internacionalismo que non implique subordinación de nengunha língoa no seu propio territorio, o que precisamente é violado, segundo Castelao, "pol-a teima imperialista dos grandes Estados".

V. *O falso mito da língoa universal*. Non só a variedade e a pluralidade lingüística en pé de igualdade son sinónimo de democracia senón signo inequívoco e insustituíbel de humanización. Na divisória que separa o individuo humano doutras especies animais, a capacidade lingüística (en dialéctica inseparábel coa vida social, a actividade produtiva e o uso da técnica para progresar) é o síntoma máis visíbel da racionalidade humana, faces dunha mesma moeda. Castelao vai-no expresar maxistralmente acudindo á universalidade da linguaxe dos animais: "Algúns homes -galegos tamén- andan a falaren d-un idioma universal, único para toda a nosa especie. Son os mesmos que buscan a perfeición baixando pol-a escada zoolóxica, deica sentiren envexa das formigas e das abellas. Son os mesmos que perderon o anxeio de chegaren a deuses, e renegan das inqedanzas que produz a sabiduría. Son os mesmos que consideran o mito da Torre de Babel como un castigo, e renegan da vida ascendente. Mais eu dígolles que a variedade de idiomas, co-a súa variedade de culturas, é o signo distintivo da nosa especie, o que nos fai superiores aos animaes. Velahí vai a demostración: un can de Turquía oubea igual que un can de Dinamarca; un cabalo das Pampas arxentinas rincha igual que un cabalo de Bretaña. ¿E sabedes por qué? Porque os probes animaes aínda están no idioma universal..." (11).

VI. *A política asimilacionista española, reforzada legalmente*. Hai, afinal, un aspecto máis da análise de Castelao que resulta esclarecedor actualizar. Perante a crítica indulxente ou histórica dos intelectuais liberais do seu tempo, non dispostos a recoñeceren en nengun momento dominio do español, Castelao apunta: "Tamén pode decir un intelectual da República que non se prohibeu o uso do galego; pero abonda coñecer o artigo 4º da Constitución para saber que, de feito e de dereito, sobrevivía no novo réxime a intransixencia monárquica: "El castellano es el idioma oficial de la República. Todo español tiene obligación de saberlo y derecho a usarlo, sin perjuicio de los derechos que las leyes del Estado reconozcan a las lenguas de las provincias o regiones. Salvo lo que se disponga en leyes especiales a nadie se le podrá exigir el conocimiento ni el uso de ninguna lengua regional". Velahí os termos en que a República liberal e democrática resolvía o problema das línguas" (12). Cuarenta e sete anos separan esta lexislación da Constitución española vixente (1978), que formula os artigos respectivos con identidade de espírito e, practicamente, de letra. ¿Non é xusto perguntar-se polo sintomático que resulta que a legalidade española actual

(10) Castelao, *op. cit.*, p. 246.

(11) Castelao, *op. cit.*, p. 43.

(12) Castelao, *op. cit.*, p. 242.

manteña a mesma discriminación denunciada por Castelao -e, entón, a mesma represión- da súa vella antecesora? ¿Qué *cambio real* se produciu neste terreo?

Quixemos, enfin, demostrar a actualidade esencial do pensamento lingüístico de Castelao, partindo da idea de que en poucas nacións como na nosa será de tanta aplicabilidade a verdade aquela de que "o idioma é unha cousa demasiado séria para ser confiada exclusivamente aos especialistas" (13). Defendemos a vixencia do aporte do político galego, porque non mudaron tanto as cousas como para facer envellecer as súas palabras. Ollemos, por exemplo, para a Igrexa ou a Xusticia, por el citadas, para ver que uso do galego fan ou reprimen; se os topónimos están todos reinstaurados en galego; reparemos, mesmo, no que "avanzaron" lingüisticamente institucións non incluídas na análise de Castelao, como os medios de comunicación: das "54.600 columnas dos sete periódico galegos só están escritas en galego, no que a información se refere, 250 columnas, o que significa un 0,45%" (14); examinemos, enfin, cal é o comportamento lingüístico das institucións públicas galegas (algunha delas, co-organizadora deste Congreso).

Non están conseguidos aínda en plenitude nengun -nen un so- dos parámetros que definiron a ideoloxía e a práctica política de Castelao. Se homenaxear significa, de primeiras, dar promesa de fidelidade, non empezemos por violar esta acepción inicial, correndo un estúpido veo sobre a nosa propia realidade actual: cando o galego sexa moeda corrente da vida pública, oficial; cando se use con toda normalidade ante os tribunais de xusticia; cando o ensino deixe de render tributo de idolatría ao español; cando non se permita que nengun alcalde ou corporación municipal españolicen impunemente o nome da súa cidade; cando, enfin, o galego sexa na súa propia casa, a Galiza, a regra e non a excepción, daquela poderemos falar de Castelao só como valiosísimo antecedente histórico. Hoxe é aínda un símbolo vivo, porque o seu pensamento non se cumpriu. E se é certo que, en palabras de Francisco Rodríguez, "as intuicións, as análises e as propostas do noso político (a respecto do problema lingüístico) poden ser completadas, pero endexamais reformadas" (15), tentemos, pois, completá-las e efectivizá-las, se a nosa homenaxe leva trazas de ser sincera.

(13) Carballo Calero, R., "Castelao e a súa lingua", en *Boletín de la Real Academia Gallega*, nº 357, ano 1975, p. 155.

(14) Tomado de *El Progreso*, Lugo, 22 Novembro 1986, p. 5.

(15) Rodríguez, F., "O problema da lingua en Castelao", en *El Ideal Gallego*, A. Coruña, 5 Xaneiro 1975, p. 2 (suplemento adicado a Castelao).